

PLAN DIXITAL DE CENTRO

EASD: MESTRE MATEO
ANO 2022-2024

Índice

1	Introducción.....	3
	1.1. Marco legislativo do PDC.....	3
	1.2. Contextualización do plan dixital no centro.....	4
	1.3. Breve xustificación do mesmo.....	5
2	Situación de partida.....	5
	2.1. Análise da situación.....	5
	2.2. Diagnose de situación de centro:.....	6
3	Plan de actuación.....	9
	3.1. Obxectivos e accións a desenvolver.....	9
	3.2. Recursos humanos.....	16
	3.3. Recursos materiais: Necesidades, equipamentos, infraestructuras.....	16
	3.4. Temporalización.....	17
	3.5. Difusión.....	17

1 Introducción

1.1. Marco legislativo do PDC

A **Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no **artigo 121** establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no **artigo 111**, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O **artigo 132** da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A **disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021-2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

A **resolución do 3 de setembro de 2021**, ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implantación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos

con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia, así como definir os principios, obxectivos e referentes que o deben guiar. Defínense o proceso de redacción, a temporalización, o sistema de coordinación e determínanse os recursos que se van empregar neste proceso.

1.2. Contextualización do plan dixital no centro

A EASD Mestre Mateo imparte Ensinanzas Artísticas Profesionais de Fotografía, Técnicas Escultóricas e Xoiaría. Estas ensinanzas caracterízanse polo aprendizaxe activo e manipulativo, a solución de problemas e a aprendizaxe entre iguais. O noso centro leva dende 1888 educando na ensinanza das técnicas e procesos no campo das artes aplicadas e o deseño. A partir do S. XXI, ten sido constante a aparición de novas tecnoloxías e a evolución de técnicas e procesos tradicionais baseadas moitas delas na dixitalización dos mesmos. Isto fai xurdir constantes posibilidades de realizar prácticas que inclúan o uso das **novas tecnoloxías**.

Segundo se recolle no vixente **Plan Funcional da escola (2021-24)**, a visión do centro é consolidar a EASD Mestre Mateo como un centro de vangarda na formación de deseñadores e artistas en Galicia, aunando tradición e modernidade, artesanía e **tecnoloxía**, teoría e práctica, prosperidade e sostibilidade.

Unha misión definida no Plan Funcional é “coñecer, respectar, valorar, transmitir e implementar as **novas tecnoloxías** nos proxectos e procesos de deseño”, e unha prioridade de actuación é “a adecuación de espazos do centro para poder ofrecer unha ensinanza de calidade incorporando novidades en materia de metodoloxía didáctica e **novas tecnoloxías**, técnicas, materiais e procesos aplicados aos procesos de deseño”.

A área de Calidade e promoción das Ensinanzas ten como obxectivo, para o período 2021-24, fomentar a formación permanente do profesorado para a impartición dos módulos e disciplinas incorporando novidades en materia de metodoloxía didáctica e **novas tecnoloxías**, técnicas, materiais e procesos aplicados aos procesos de deseño en coordinación co CAFI e tamén impulsando un plan de formación interno no centro.

Ademais, segundo se recolle no Plan Funcional, o alumnado ten dereito o **acceso ás tecnoloxías da información e a comunicación na práctica educativa** e ao **uso seguro de internet** na escola.

1.3. Breve xustificación do mesmo.

Ainda que dende a EASD Mestre Mateo xa estamos a traballar coas novas tecnoloxías, como estratexia de innovación educativa e como ferramenta fundamental para o deseño e a creación nas Ensinanzas Artísticas Profesionais, consideramos que a implantación do Plan Dixital no centro poder ser un **impulso que acelere e incentive o proceso de ensino-aprendizaxe** que estamos a realizar na escola.

2 Situación de partida

2.1. Análise da situación

A análise da situación realizámola a través das ferramentas para a diagnose de situación **SELFIE (Anexo 1)** e o **Test de Competencia Dixital Docente (Anexo 2)**.

Para a realización do informe SELFIE, tomamos como referencia os diferentes elementos temáticos do marco DigCompOrg:

- Infraestrutura: equipamento tecnolóxico, conectividade, plataformas e servizos dixitais, mantemento dispoñibles, entre outras.
- Liderado e gobernanza (protocolos do centro, aspectos organizativos, procesos de comunicación)
- Funcións e responsabilidades.
- Procesos de ensino e avaliación.
- Procesos formativos en competencia dixital docente.
- Mapa de activos: recursos, persoas, institucións e/ou administracións que poidan contribuír aos obxectivos do plan.

A partir do Informe SELFIE, realizamos un **Análise DAFO** sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (**apartado 2.2**), que nos permitiu a análise de situación e a definición das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de **obxectivos e actuacións (apartado 3.1 e 3.2)**.

O Informe Individual do test de Competencia Dixital Docente, CDD, permitiunos planificar unha formación persoal que atenda ao nivel de partida de cada docente e planificar a liña de formación a través dos PFPP.

2.2. Diagnose de situación de centro:

O resultado do análise DAFO a partir do Informe SELFIE é o seguinte:

DAFO INTERNO		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	Infraestrutura-equipamento	<ul style="list-style-type: none"> Incorporación de tecnoloxías CAD-CAM en diversas disciplinas. Aula virtual en todas as materias que se imparten na escola . Todas as aulas contan cun ordenador no posto do profesor/a Algún aula con equipos para o alumnado Certificado de Sistema de Xestión de Calidade 9001:2015 	<ul style="list-style-type: none"> Orzamento limitado. Elevado custo das novas tecnoloxías que están a empregar os profesionais do sector. Instalacións obsoletas derivadas do carácter histórico do edificio: Mal acceso a internet. Necesidade de equipamento tecnolóxico profesional. Equipos obsoletos e insuficientes. Licencias de software insuficientes. Software de xestión de centro pouco resolutivo. Aula virtual con carencias. Espacio insuficiente e procesamento lento de abalar box.
	Persoal docente	<ul style="list-style-type: none"> Profesorado implicado e con ganas de aprender e introducir novas tecnoloxías. Presencia de profesorado con especialidades de carácter dixital: Medios informáticos, Audiovisuais, Deseño gráfico, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> Persoal frustrado por non dispor dunha boa conexión a Internet nin de equipos de procesamento rápido. Persoal que reclama a incorporación de novas tecnoloxías que están a empregar os profesionais do sector.

Persoal non docente	<ul style="list-style-type: none"> • Persoal implicado e con aptitude positiva ante o aprendizaxe de novas tecnoloxías. 	<ul style="list-style-type: none"> • Persoal indignado por non dispor dunha boa conexión a internet e por a perda de tempo con aplicacións de xestións pouco intuitivas, que non proporciona de forma directa os datos que nos solicita a Xunta, en canto a becas, seguro escolar, etc. • Persoal administrativo en secretaría insuficiente. Necesitamos dúas persoas pola complexidade de procesos de probas de acceso, matrícula, diversidade de ensinanzas (ciclos e estudos superiores) ,etc. • Non dispor dun técnico informático que resolva incidencias diariamente.
Alumnado	<ul style="list-style-type: none"> • Alumnado maior de idade, con destreza informática . 	<ul style="list-style-type: none"> • Alumnado indignado por non dispor dunha boa conexión a Internet, máis equipos de procesamento rápido e licenzas. • Alumnado que reclama a incorporación de novas tecnoloxías que están a empregar os profesionais do sector.
Oferta	<ul style="list-style-type: none"> • Oferta formativa con contidos tecnolóxicos: deseño por ordenador CAD, fabricación CAM, etc. • Ampla oferta de novas tecnoloxías que están a empregar os profesionais do sector. 	<ul style="list-style-type: none"> • Elevado custo de equipamento e materiais profesionais.
Organización de centro	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo dinámico e favorable á incorporación de novas tecnoloxías. 	<ul style="list-style-type: none"> • Elevada complexidade para organizar o centro: Alumnado e profesorado diverso, oferta formativa diversa.

--	--	--	--

DAFO EXTERNO		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	Administración educativa	<ul style="list-style-type: none"> • Rede de escolas de arte e deseño en Galicia: Posibilidade de facer unha compra conxunta por parte da administración educativa para minimizar o prezo por unidade das licenzas e equipos (economía de escala). • Equipamento similar a ciclos de formación profesional : fabricación mecánica, artes gráficas, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> • Escasa resolución de problemas por parte da administración educativa, por exemplo, a espera de Antega para a instalación de internet con fibra de 1 GB dende setembro de 2021.
	Lexislación	<ul style="list-style-type: none"> • Incorporación das novas tecnoloxías nos curriculums das disciplinas impartidas na escola • A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, promove o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC). • Resolución do 3 de setembro de 2021, que ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implantación do Plan Dixital para o curso 2021-2022. 	<ul style="list-style-type: none"> • Presencia de currículo LOXSE vixente no ciclo de Xoiarías desfasado e obsoleto. • Trámite legislativo e burocrático moi longo na creación e actualización dos plans de estudos.
	Contorna	<ul style="list-style-type: none"> • Ampla oferta de novas tecnoloxías que están a empregar os profesionais do sector. 	<ul style="list-style-type: none"> • Prezos altos. • Crise económica.

3 Plan de actuación

3.1. Obxectivos e accións a desenvolver.

Tras a análise do DAFO, determinamos os seguintes obxectivos e accións a desenvolver no Plan Dixital:

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 1:	CREACIÓN DUN FAB-LAB.				Acadado	
Descrición:	Incorporación dun laboratorio coas novas tecnoloxías que están a empregar os profesionais do sector. Trátase de trasladar a maquinaria e equipamento tecnolóxico CAD-CAM da escola á aula 30 e engadir os recursos necesarios definidos na táboa.				Non acadado	
Responsable	Coordinadora do Plan dixital.					
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de FAB-LABs incorporados.					
Valor de partida:	0					
Valor previsto e data:	1					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: ORGANIZACIÓN DO ESPAZO E DA MAQUINARIA.	Coordinadora Plan Dixital	1º cuatrimestre curso 2022-23	<ul style="list-style-type: none"> Escáner dixital para obxectos pequenos (Xoiaría). Escáner dixital para obxectos grandes (Técnicas escultóricas). Impresora 3 D para cerámica. Ordenador compatible coa tecnoloxía CAD-CAM. Horas de xestionar. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: ORGANIZACIÓN E REALIZACIÓN DA FORMACIÓN	Coordinadora Plan Dixital	Ao longo do curso 2022-23	<ul style="list-style-type: none"> Horas de xestión. Horas de formación. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: IMPLANTACIÓN.	Profesorado con docencia en disciplinas que incorporen estas tecnoloxías	2º cuatrimestre curso 22-23 e curso 23-24	<ul style="list-style-type: none"> Horas de docencia 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 2:	RENOVACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO OBSOLETO DA ESCOLA.				Acadado	
Descrición:	Trátase de actualizar o equipamento informático da escola cos requisitos necesarios de procesador, RAM e tarxeta gráfica necesarios para o manexo de programas CAD.					
Responsable:	Coordinadora do Plan dixital.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de equipamento obsoleto renovado.					
Valor de partida:	0					
Valor previsto e data:	100%					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRIBIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: ESTUDIO DAS NECESIDADES, ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E SOLICITUDE DAS OFERTAS	Coordinadora Plan Dixital.	1º cuatrimestre do curso 22-23.	<ul style="list-style-type: none"> • Horas de xestión. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: COMPRA E INSTALACIÓN DE 15+1 ORDENADORES PARA AULA DE INFORMÁTICA DE XOIARÍA E TÉCNICAS ESCULTÓRICAS.	Coordinadora Plan Dixital.	Ao longo do período 22-24	<ul style="list-style-type: none"> • 16 ordenadores compatibles coa tecnoloxía CAD-CAM. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: COMPRA E INSTALACIÓN DE 15+1 ORDENADORES PARA AULA DE INFORMÁTICA DE FOTOGRAFÍA.	Coordinadora Plan Dixital.	Ao longo do período 22-24	<ul style="list-style-type: none"> • 16 ordenadores compatibles coa tecnoloxía CAD-CAM. 			
AO2.4: COMPRA E INSTALACIÓN DE 15 ORDENADORES PARA POSTO DE PROFESORADO.	Coordinadora Plan Dixital.	Ao longo do período 22-24	<ul style="list-style-type: none"> • 15 ordenadores compatibles coa tecnoloxía CAD-CAM. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 3:	INCORPORACIÓN DO SOFTWARE PROFESIONAL CAD-CAM DE DESEÑO DE XOIARÍA.				Acadado	
Descrición:	Trátase de incorporar o software profesional CAD-CAM de deseño de xoiaría.					
Responsable:	Responsable do plan dixital de Xoiaría.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de docentes que incorporan o software nos contidos que imparten.					
Valor de partida:	0					
Valor previsto e data:	3					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DE SOFTWARE	Coordinadora Plan Dixital	2º cuatrimestre do curso 22-23.	Software profesional CAD-CAM de deseño de xoiaría.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: ORGANIZACIÓN E REALIZACIÓN DA FORMACIÓN	Responsable do plan dixital de Xoiaría.	2º cuatrimestre do curso 22-23.	Horas de formación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: IMPLANTACIÓN	Profesorado con docencia en disciplinas que incorporen estas tecnoloxías	Ao longo do curso 23-24.	Horas de docencia		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora:							
OBXECTIVO 4:	INCORPORACIÓN DO SOFTWARE DE XERACIÓN DE ESCENARIOS E PROTOTIPOS					Acadado	
Descrición:	Trátase de incorporar o software CAD-CAM de xeración de escenarios e prototipos						
Responsable:	Responsable do plan dixital de xeración de escenarios e prototipos.					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de docentes que incorporan o software nos contidos que imparten.						
Valor de partida:	0						
Valor previsto e data:	3						
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO4.1: ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DE SOFTWARE	Coordinadora Plan Dixital.	1 º cuatrimestre do curso 22-23.	Software profesional CAD-CAM de deseño de xoiaría.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO4.2: ORGANIZACIÓN E REALIZACIÓN DA FORMACIÓN	Responsable do plan dixital de xeración de escenarios e prototipos.	1 º cuatrimestre do curso 22-23.	Horas de formación			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO4.3: IMPLANTACIÓN	Profesorado con docencia en disciplinas que incorporen esta tecnoloxía.	2 º cuatrimestre do curso 22-23 e curso 23-24	Horas de docencia			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 5:	ACTUALIZACIÓN E FORMACIÓN DO PROGRAMA DE DESEÑO DE ENVASES E EMBALAXES				Acadado	
Descrición:	Trátase de recibir formación dun programa propiedade da escola do que precisamos formación por incorporación de novos docentes e actualización de versión.					
Responsable:	Responsable do plan dixital de deseño de envases.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de docentes que manexan e controlan o programa.					
Valor de partida:	0					
Valor previsto e data:	5					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: ORGANIZACIÓN E REALIZACIÓN DA FORMACIÓN	Responsable do plan dixital de deseño de envases	1º CUATRIMESTRE 22-23	Horas de formación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: IMPLANTACIÓN	Profesorado con docencia en disciplinas que incorporen esta tecnoloxía.	2º cuatrimestre do curso 22-23 e curso 23-24	Horas de docencia		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora:							
OBXECTIVO 6:	Actualización de equipamento dixital no ciclo de Fotografía					Acadado	
Responsable:	Responsable do plan dixital de Fotografía					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de equipamento incorporado						
Valor de partida:	0						
Valor previsto e data:	8						
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO6.1:ADQUISICIÓN E ORGANIZACIÓN DO EQUIPAMENTO DE FOTOGRAFÍA DIXITAL	Responsable do plan dixital de fotografía	Ao longo do período 22-24.	<ul style="list-style-type: none"> • Cámara 360º para fotografía de interiorismo, exteriores, etc • Base giratoria para fotografía de produto 360 grados: • Material audiovisual: Corpo de cámara, gravadora de audio, trípode con cabezal para vídeo, • Escáner fotográfico • Impresora fotográfica. • Calibrador de cor • Obxectivos • Cámara de documentos avanzada para su uso coa Pantalla Dixital Interactiva • Pantalla Dixital Interactiva (PDI) • ceferinos, bandeiras e reflectores para estudio 		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO5.2: IMPLANTACIÓN	Profesorado con docencia en disciplinas que incorporen esta tecnoloxía.	Ao longo do período 22-24.	<ul style="list-style-type: none"> • Horas de docencia 		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

3.2. Recursos humanos

O profesorado que participou no estudo, elaboración e redacción do presente Plan Dixital é o seguinte:

- Esther Novo Calles (Coordinadora do Plan Dixital)
- Elisa González Penas (Vicedirección)
- Juan Marcos Adrio Fondevila (Dirección)
- Vanessa Díaz Otero (Formación de Profesorado)

Segundo reza a orde, o equipo de dinamización do Plan Dixital estará formado pola persoa titular da dirección do centro, ou membro do equipo de dirección na que delegue, outro membro do claustro que actuará como coordinador e no seu caso as persoas que se designen a tal efecto.

3.3. Recursos materiais: Necesidades, equipamentos, infraestruturas.

Capítulo	Descrición	Unidades	Prezo unitario	Prezo total
1-CREACIÓN DUN FAB-LAB.	Escáner dixital para obxectos pequenos (Xoiaría).	1	3000 €	3000 €
	Escáner dixital para obxectos grandes (Técnicas escultóricas).	1	3000 €	3000 €
	Impresora 3 D para cerámica (Técnicas escultóricas).	1	6000 €	6000 €
	Ordenador compatible coa tecnoloxía CAD-CAM.	1	1800 €	1800 €
	TOTAL CAPÍTULO 1			13.800 €
2-RENOVACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO OBSOLETO DA ESCOLA.	Ordenadores compatibles coa tecnoloxía CAD-CAM (aula de fotografía).	16	1800	28800 €
	Ordenadores compatibles coa tecnoloxía CAD-CAM (aula de técnicas escultóricas e xoiaría)	16	1800	28800 €
	Ordenadores compatibles coa tecnoloxía CAD-CAM para o posto de profesorado	15	1800	27000 €
	Pantalla Dixital Interactiva (PDI) de 86" 4K UHD, Multi-Touch e Multiplataforma. Sistema operativo android integrado que permite funcionamento online e offline sin necesidade de conectar ningún pc externo. Múltiples conexións. Con transmisión e conexión inalámbrica con múltiples dispositivos. Tomar anotacións sobre calquera software ou aplicación que se estea executando (internet, vídeos, documentos, etc.) Que permita: <ul style="list-style-type: none"> • Usar como pizarra branca, con diferentes cores y grosos 	15	2000	30.000 €

	<ul style="list-style-type: none"> Realizar capturas de pantalla (de todo o de zonas) e pegalo sobre nosa pizarra, podendo rotar e redimensionar a imaxe. Abrir e reproducir: vídeos, imáxenes e audios Abrir documentos PDF e de ofimática (compatible con MS Office) Traballar con arquivos locais, desde un USB ou disco duro externo ou dende a nube (compatible con servizos como: Google Drive, Dropbox, OneDrive, etc.) <ul style="list-style-type: none"> Instalar miles de aplicacións dispoñibles para Android 			
	TOTAL CAPÍTULO 2			114.600 €
3-INCORPORACIÓN DE SOFTWARE PROFESIONAL CAD-CAM DE DISEÑO DE XOIRÍA.	Software Profesional CAD-CAM de deseño de Xoaría (30 licencias)	1	3.623,95 €	3.623,95 €
	Formación no software	1	1800 €	1800 €
	TOTAL CAPÍTULO 3			5423,95 €
4-INCORPORACIÓN DE SOFTWARE PROFESIONAL CAD-CAM DE XERACIÓN DE ESCENARIOS E PROTOTIPOS VIRTUAIS.	Software Profesional CAD-CAM de deseño de Xoaría.	16	363,75 €	5820 €
	Formación no software	1	1500 €	1500 €
	TOTAL CAPÍTULO 4			7320 €
5-FORMACIÓN DO PROGRAMA DE DISEÑO DE ENVASES E EMBALAXES	Formación no software	1	6500 €	6500 €
	TOTAL CAPÍTULO 5			6500 €

6-ACTUALIZACIÓN DE EQUIPAMIENTO PROFESIONAL DE FOTOGRAFÍA DIXITAL	Cámara 360º para fotografía de interiorismo, exteriores, etc Captura 360º con 2 lentes de 7,2mm (focal equivalente en 35mm) f:2,0 Resolución 360: 6080x3040 (2:1) / Pano: 4320x1440 (3:1) Formatos de archivo: RAW, insp. Compatibilidade con dispositivos iOS e Android para control da cámara. Incluidos Stick Invisible, Trípode de sobremesa e protectores de obxectivos.	1	575 €	575 €
	Base giratoria para fotografía de producto 360 grados: Permite controlar de forma remota o posicionamiento. Controlable desde cámara o smartphone mediante bluetooth e infrarrojo. Xira e toma as fotos automáticamente. Incluído placa circular de 50 cms. Capacidade de carga ata 5kg.	1	290 €	290 €
	Corpo de cámara mirrorless con gravación de vídeo 4K máis obxectivo ou cámara de vídeo profesiona	1	3000 €	3000 €
	Gravadora de audio	1	200 €	200 €
	Trípode con cabezal para vídeo	1	400 €	400 €
	Ceferinos, bandeiras e reflectores para estudio	1	1000 €	1000 €
	Escáner Fotográfico e de película de diferentes formatos. Reprodución de tons cunha densidade óptica de 4,0 Dmax ou maior.	1	955 €	955 €
	Impresora fotográfica de como mínimo 10 tintas, con tamaño de impresión máximo A2+ en follas soltas e 43cm de ancho en rollo de papel. Sin necesidade de cambiar de tinta de negro foto a negro mate segundo o papel empregado.	1	999 €	999 €

	Solución profesional para a medición da cor espectral para calibrar monitores e proxectores e impresións en diferentes soportes.	1	1.350 €	1.350 €
	Cámara de formato medio dixital de 100MP con obxectivo de 80mm f2,8	1	29.000€	29.000€
	Obxectivo 120mm f4 Macro para formato medio dixital	1	7.250€	7.250€
	Obxectivo 35mm f3,5 para formato medio dixital	1	7.250€	7.250€
	Obxectivo 240mm f4,5 para formato medio dixital	1	7.615€	7.615€
	Cámara de documentos avanzada para su uso coa Pantalla Dixital Interactiva para educación, con zoom óptico e dixital que permita ampliar de forma nítida para mellorar o aprendizaxe na aula. Luz LED incorporada. Mínimo Full HD e 8MP. Captura obxectos 3D e imaxes 2D	8	700€	700€
	Pantalla Dixital Interactiva (PDI) 4K UHD, Multi-Touch e Multiplataforma. Tamaño mínimo 96" para o Salón de Actos (Mesmas características que as anteriores)	1	2.999€	2.999€
	TOTAL CAPÍTULO 6			63583 €
IMPORTE TOTAL (SUMATORIO CAPÍTULOS 1,2,3,4,5 Y 6)				211226,95 €
IVA (21 %)				44357,66 €
IMPORTE TOTAL (IVA INCLUÍDO)				255584,61 €

3.4. Temporalización



• Figura 1: Cronograma Plan Dixital EASD Mestre Mateo 2022-2024

3.5. Difusión

Como actividades de difusión, propóñense as seguintes:

- Presentación do FAB-LABs ao profesorado e alumnado.
- Divulgación do uso das novas tecnoloxías do centro na páxina web da escola e nas redes sociais.
- Publicación dos mellores traballos e do proceso da elaboración dos mesmos na páxina web da escola e nas redes sociais.
- Incorporación de talleres de fabricación dixital nas Xornadas de Deseño en Compostela, nas que o alumnado da Universidade de Santiago de Compostela asiste a talleres ofertados pola escola.
- Promoción durante as xornadas de portas abertas das novas tecnoloxías empregadas nas Ensinanzas Artísticas Profesionais de Fotografía, Técnicas Escultóricas e Xoiaría.
- Divulgación do uso das novas tecnoloxías do centro na páxina web da escola e nas redes sociais.